

03/10/2018

O IV CICLO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL ANALIZA O PAPEL DA LECTURA COMO FERRAMENTA DE EQUIDADE

O ciclo de conferencias, que se celebra entre o 2 e o 30 de outubro no ourensán Campus das Lagoas, está organizado pola AELG en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Valentín García participou hoxe á tarde na inauguración do encontro



Ourense, 2 de outubro 2018. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, participou hoxe á tarde, no ourensán Campus das Lagoas da Universidade de Vigo, na apertura do IV Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) co apoio da Consellería de Cultura e Turismo.

Valentín García explicou que “a lectura non é só unha fonte de pracer e de entretemento, senón que serve para abrírnos as portas do coñecemento: do

coñecemento da propia lingua en que está escrita, da mellora da comprensión lectora, pero tamén do acceso a información sobre xeografía, historia, bioloxía... cultura e ciencia en xeral”. Por este motivo, o secretario xeral considerou “que é fundamental animar os rapaces e rapazas a ler, recomendarlles bos libros que os enganchen á literatura e facilitarlles o acceso a textos interesantes en galego, que temos moitos e de gran calidade”.

O titular da Secretaría de Política Lingüística, agora adscrita á Consellería de Cultura e Turismo, estivo acompañado na mesa inaugural pola decana da Facultade de Ciencias da Educación, Mar García Señorán; o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, e a profesora coordinadora do ciclo, Isabel Mociño González. Tamén participou no acto a xefa territorial, María Luz Fernández.

A lectura como ferramenta de equidade

Baixo o título *A lectura como ferramenta de equidade* chega á súa cuarta edición o Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil que cada ano organiza a AELG en colaboración coa Secretaría Xeral de Política

Lingüística.

A primeira das sesións desta edición centrada na igualdade correrá a cargo da narradora Leticia Costas, que o 2 de outubro falará de *Luces e monstros, da realidade á fantasía*. O día 9 será a quenda de María Lado, que explicará *Como pode a literatura cambiar (un pouco) a túa vida*. Outra poetisa, Yolanda Castaño, collerá o relevo o día 16 para falar de “Chaves en letra miúda”. O 23 será a quenda de Carlos Negro coa conferencia *Versos para especies diversas (menú de aula)*. O ciclo pecharase o vindeiro 30 de outubro co relatorio *Cambiar coas palabras*, de Esther F. Carrodegas.

Todas as sesións terán lugar ás 18.00 horas na sala multiúsos Emilia Pardo Bazán, situada no Edificio Facultades do Campus das Lagoas, en Ourense.

Colaboración coa AELG

O Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil é froito do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a AELG.

A cooperación entre ambas as entidades posibilita ademais outras actividades de divulgación da literatura escrita na lingua propia de Galicia, tales como as visitas de escritores a Centros de Estudos Galegos dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o XV Curso de Formación Continua *As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora* ou a gravación de entrevistas para o Centro de Documentación de Escritores do web da AELG, entre outras.